



veciñanza

nota de prensa

## Veciñanza instará ao Goberno Municipal a que lidere as accións por unha atención sanitaria digna en Cuntis

---

*Proporá unha recollida de sinaturas, unha campaña informativa para fomentar a presentación de queixas por escrito cando proceda, a convocatoria de concentracións semanais, a solicitude de reunións coa Consellaría de Sanidade e a creación dunha mesa de seguimento*

---

Cuntis, 12 de setembro de 2017. Este **xoves ás nove da noite** terá lugar o pleno extraordinario solicitado por Veciñanza para avaliar a atención sanitaria en Cuntis e as deficiencias que veñen causando un evidente malestar veciñal.

Na actualidade estas carencias poden concretarse en ausencias de facultativos que moitas veces non se substitúen, nos longos períodos de tempo que cómpre agardar para obter cita (superior en ocasións a unha semana), na escaseza de horas que o servizo de pediatría ofrece no noso centro de saúde, etc. O malestar veciñal é amplo e vén de longo. **A indignación entre os veciños e veciñas de Cuntis agravouse cando o pasado mes de agosto a Consellaría de Sanidade, en resposta precisamente ás queixas dos veciños e veciñas de Cuntis, afirmou que a atención sanitaria era 'eficaz'.**

A Xunta de Galicia non só deteriorou coa súa política de recortes a prestación sanitaria en todo o País, incluíndo por suposto o noso concello, senón que amosa unha actitude arrogante e soberbia ao non tomar nin tan sequera en consideración o sentir veciñal.

Veciñanza entende que estamos ante **un asunto de máxima prioridade**, polo que a Corporación debe adoptar unha postura común para loitar pola mellora do servizo sanitario que se presta no noso concello. Correspóndelle ao goberno municipal encabezar as accións para esixirlle á Consellaría de Sanidade que garanta unha atención sanitaria digna e completa no noso centro de saúde.

No pleno extraordinario deste xoves Veciñanza proporá unha batería de medidas para visibilizar esta situación e procurar solucións. Destacan o inicio dunha campaña de sinaturas, unha campaña informativa para sensibilizar sobre a importancia da presentación de queixas por escrito cando proceda, a convocatoria de concentracións veciñais cada semana, a solicitude de reunións cos/coas responsables da Consellaría de Sanidade e a creación dunha mesa de seguimento integrada por representantes de todos os sectores da vila de Cuntis.

